

A situación das praias e mais a seguridade pública preocupan ao PP de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 13 Abril 2011 19:02



A situación das praias e á seguridade pública son temas de permanente debate na corporación de Nigrán. Esta semana novamente populares e socialistas cruzaron acusacións sobre estes puntos. Alberto Valverde, candidato do PP Nigrán asegurou que o concello está "*pragado de chapuzas del gobierno local*

". Como proba da súa denuncia, os populares amosan unha fotografía do paseo de Panxón, na que falla parte da varanda metálica do mesmo e no seu lugar foron colocadas cordas e envases plásticos. Pola súa banda, Juan González, concelleiro de Urbanismo e candidato socialista, asegurou que os traballos de remodelación do paseo e todo o litoral de Nigrán xa se están a desenvolver en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente. Tamén dixo que a imaxe que amosan os populares na súa denuncia e "atemporal" pois a zona que mostra a fotografía xa está en recuperación.

Tamén os actos de vandalismo na última fin de semana reavivaron os reclamos pola seguridade pública. Nese tema Valverde asegurou que "*la situación ha llegado al límite y se deben tomar decisiones para solucionar algo que lamentablemente se ha convertido en habitual*". O candidato popular reclamou que a Xunta Local de Seguridade afronte con seriedade o problema.